



# MEMORIA DE ACTIVIDADES CURSO 2015-2016

---

Consello Escolar de Galicia

XUNTA DE GALICIA



---

# Índice

---

Consello Escolar de Galicia

---

## ÍNDICE

1.- Limiar .....	05
2.- Composición do Consello Escolar de Galicia.....	07
3.- Actividade do Consello Escolar	
3.1 Sesións plenarias.....	14
3.2 Asistencias ás sesións do pleno.....	18
3.3 Comisións permanentes.....	19
3.4 Asistencias ás sesións da comisión permanente.....	28
3.5 Aprobación da memoria de actividades do curso	
2014-2015.....	29
4.- Competencias do Consello Escolar e do seu presidente.....	30
5.- Ditames elaborados .....	34
6.- Participación en actos, congresos , reunións .....	39
7.- Resumo económico .....	41

---

# Limiar

---

1

---

## LIMIAR

O Consello Escolar de Galicia, coma órgano superior de consulta e de participación de todos os sectores afectados na programación xeral do ensino, publica esta Memoria do curso escolar 2015/2016 para dar conta das actividades desenvolvidas no seu seo a través de distintas sesións en Pleno e Comisión Permanente, especialmente na elaboración de ditames sobre textos legais e na presentación de propostas.

---

# Composición do Consello Escolar

---

2

---

## COMPOSICIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

Presidente:

Román Rodríguez González (Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)

Vicepresidente:

Fernando del Pozo Andrés (Administración Educativa)

Representantes de:

Profesores do Ensino Público:

Consuelo Campos Acedo (CIG)  
Xesús Fernández Rivas (CIG)  
María Luz López Pérez (CCOO)  
José Raúl Gómez Farto (FETE – UGT)  
Manuel Astariz Castro (ANPE GALICIA)

Profesores do Ensino Privado

Purificación Bernárdez Álvarez (CCOO)  
Armindo Francisco Mera (FSIE – GALICIA)  
Gerardo Morano Díaz (FETE – UGT)

Nais e Pais de Alumnos

Sara Inés Vega Núñez (CONFAPA)  
Helena Gómez Vecino (CONFAPA)  
Alberto Pita Castelo (CONFAPA)  
María José Mansilla Chao (CONGAPA)  
María Paz García Fernández de Bescansa (CONGAPA)

Alumnos:

Vacante

Persoal de Administración e Servizos:

Vacante  
Ángeles Vilarnovo Cova (UGT)

Titulares de Centros Privados:

José Antonio Moar Armas (Federación de Centros de Ensino Privado)  
Xosé Francisco Martínez Reboiras (Federación de Centros de Educación e Xestión)

Centrais Sindicais:

José Manuel Fuentes Fariña (CCOO)  
Francisco Xesús Anxo Louzao Rodríguez (CIG)  
Jorge Abrahan Vila Álvarez (UGT)  
Otilia Mourelo Barreiro (CSIF)



---

Organizacións Empresariais:

José Luis Liñares Louzao (Confederación de Empresarios de Galicia)  
José Álvarez Carpintero (Confederación de Empresarios de Galicia)

Profesores propostos polos Movementos de Renovación Pedagóxica:

José Luis Fernández Díaz (Federación Galega de MRPs)  
Mercedes Espiño Amil (Coordinadora Galega de MRPs)  
Xosé Ramos Rodríguez (Coordinadora Galega de MRPs)

Administración Educativa:

María del Carmen Cimadevila Cea  
José Manuel Pinal Rodríguez  
Jesús Oitavén Barcala  
Valentín García Gómez  
Manuel Corredoira López  
Fernando del Pozo Andrés

Administración Local:

María Pilar López García  
César Longo Queijo  
Olga Alonso Suárez  
José Antonio Vigo Lago  
Miguel Domínguez Alfonso  
Francisco Magide Bizarro  
José González Barcia  
Manuel Luis Álvarez Angueira

Universidade:

María Pilar Jiménez Aleixandre  
Antonio Vara Coomonte

Personalidades de Recoñecido Prestixio

Venancio Graña Martínez  
Daniel Barata Quintas

Seminario de Estudos Galegos

Antón Costa Rico

Consello da Xuventude de Galicia

Pedro García Puig

Secretario

José Alejo Losada Aldrey

**Delegación de funcións:**

Por Orde do 9 de xaneiro de 2006 (DOG do 27 de xaneiro de 2006) o Presidente delega as súas funcións no Vicepresidente.

---

**Baixas e altas de membros no Consello:**

No curso 2015-2016 tivo lugar a modificación dos membros do consello que se indica :

Publicado no DOG do 3 de febreiro:

BAIXAS	ALTAS
Consuelo Campos Acedo	María Xosé Rodríguez Martínez
Manuel Astariz Castro	Julio Díaz Escolante
Alberto Pita Castelo	Javier Sánchez García
Ángeles Vilarnovo Cova	Digna Lía Rodríguez Barros
Mercedes Espiño Amil	María dos Anxos Gonzállez Refoxo
María Pilar Otilia López García	Óscar Benito Portela Fernández
José Antonio Vigo Lago	Gabriel Alén Castro
José González Barcia	Jorge Cubela López
Manuel Luis Álvarez Angueira	María do Carme Fouces Díaz
Antonio Vara Coomonte	Rita Gradaille Pernas
Antón Costa Rico	
Pedro García Puig	
	Pilar García-Rodeja Gayoso

Publicado no DOG do 5 de abril:

BAIXAS	ALTAS
Sara Inés Vega Núñez	José Antonio Álvarez Caride

---

## COMPOSICIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE

Presidente:

Fernando del Pozo Andrés

Vogais:

José Raúl Gómez Farto

José Antonio Moar Armas

Helena Gómez Vecino

Daniel Barata Quintas

María Pilar Otilia López García

Secretario:

José Alejo Losada Aldrey

### **Baixas e altas de membros da Comisión Permanente:**

Como consecuencia da renovación por metades de membros do Consello Escolar publicada no DOG do 3 de febreiro prodúcese a seguinte modificación de vogais da comisión permanente:

BAIXA	ALTA
María Pilar Otilia López García	Olga Alonso Suárez

---

# Actividade do Consello Escolar

---

3

---

## **ACTIVIDADE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA**

Durante o curso 2015-2016 que, segundo o calendario escolar, abarca dende o día 1 de setembro de 2015 ata o día 31 de agosto de 2016 o Consello Escolar de Galicia realizou a seguinte actividade:

- Sesións plenarias.
- Comisións permanentes.
- Aprobación da memoria de actividades do curso 2014-2015.

---

## **3.1 SESIÓNS PLENARIAS**

O Pleno do Consello Escolar de Galicia reuniuse durante o curso 2015-2016 en dúas ocasións nas seguintes datas:

### SESIÓNS DO PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

06 de outubro de 2015

15 de marzo de 2016

1	PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	06 de outubro de 2015	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17:00 a 19:45	Asistentes	25 de 46 (54'34%)

#### ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Ditame sobre os proxectos de decreto polos que se establecen os currículos dos ciclos formativos de grao medio e superior de **seis novos** títulos de técnico e técnico superior de formación profesional.
- 4.- Ditame sobre os proxectos de decreto polos que se establecen os currículos dos ciclos formativos de grao medio e superior de **doce novos** títulos de técnico e técnico superior de formación profesional.
- 5.- Aprobación da Memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia. Curso 2014-2015.
- 6.- Rogos e preguntas.

#### TEMAS TRATADOS

Hai dúas obseervacións á acta que, logo de seren aceptadas, é aprobada por unanimidade.

O vicepresidente informa que se está procedendo á tramitación da renovación por metades dos membros que compoñen o Consello Escolar de Galicia e que o trámite xa vai moi avanzado.

A continuación cede a palabra ao señor Costa Rico que intervéen para despedirse logo de 25 anos como membro deste Consello Escolar en representación do Seminario de Estudos Galegos.

Trátase logo o ditame dos proxectos de decreto que figuran no punto terceiro da Orde do día. Presentáronse 47 emendas, unha delas á totalidade. A Comisión Permanente elaborou o ditame provisorio que, composto de tres puntos, figura na guía. Comézase o debate pola emenda á totalidade que é rexeitada. Debátense despois as emendas que non foron aceptadas no ditame provisorio e como remate procédese a votar o ditame provisorio que incorpora as emendas aprobadas na sesión para elevalo a definitivo, quedando aprobado.

De seguido trátase o ditame dos proxectos de decreto que figuran no punto cuarto da Orde do día. Presentáronse 16 emendas. A Comisión Permanente elaborou o ditame provisorio que, composto de tres puntos, figura na guía. A continuación debátense as emendas presentadas procedendo finalmente a votación do ditame provisorio que incorpora as emendas aprobadas na sesión para elevalo a definitivo, quedando aprobado.

A continuación preséntase a Memoria de Actividades do curso 2014-2015 que, logo dunha pequena modificación, é aprobada por unanimidade.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

2	PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	15 de marzo de 2016	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	De 16:30 a 19:45	Asistentes	34 de 45 (75,55%)

ORDE DO DÍA
-------------

1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.

2.- Informe da presidencia.

3.- Ditame sobre os proxectos de decreto seguintes:

- Proxecto do Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Ortopróteses e Produtos de Apoio.
- Proxecto do Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Emerxencias e Protección Civil.

4.- Ditame sobre o proxecto de decreto polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Dirección, e Producción e xestión, e se amplían os anexos do plan de estudos correspondente á especialidade de Interpretación, establecidos no Decreto 163/2015, do 29 de outubro.

5.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS
----------------

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba.

O Sr. Vicepresidente informa que con data 3 de febreiro publicouse no DOG o Decreto 8/2016, do 21 de xaneiro, polo que se dispón o cesamento e o nomeamento de membros do Consello Escolar de Galicia, como consecuencia da renovación por metades establecida no artigo 6.2 da Lei 3/86 de consellos escolares de Galicia.

O resumo do que aí se dispón é o seguinte:

Cesan no CEG 23 persoas. Once delas foron reelixidas polo que continúan realizando o seu labor neste Consello.

De xeito definitivo cesan 12 persoas.

Esas 12 prazas son cubertas con 10 novos nomeamentos e hai 2 prazas non son renovadas: a do representante do Seminario de Estudos Galegos, e a do Consello da Xuventude de Galicia..

Incrementábase unha praza, a da representante da Secretaría Xeral de Igualdade en tanto que órgano competente en materia de igualdade, de acordo co disposto no artigo 22.2 da Lei 11/2007 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Trátase o ditame sobre os proxectos de decreto que figuran no punto terceiro da orde do día. Presentáronse 19 emendas. A Comisión Permanente elaborou o ditame provisorio que, composto de tres puntos, figura na guía.



---

A continuación débátese as emendas que non foron aceptadas no ditame provisorio. Como remate do debate procedeuse á votación do ditame. O conxunto do ditame incorpora as emendas aprobadas pola Comisión Permanente e as que se aprobaron nesta sesión. O ditame non resultou aprobado e así trasladouse á Administración educativa.

Trátase despois o ditame sobre o proxecto de decreto que figura no punto cuarto da orde do día. Presentáronse 31 emendas. A Comisión Permanente elaborou o ditame provisorio que acorda non propoñer modificacións.

Procédese ao debate das emendas que non foran aceptadas no ditame provisorio.

Como remate do debate procedeuse á votación do ditame. O conxunto do ditame incorpora as emendas aprobadas pola Comisión Permanente e as que se aprobaron nesta sesión. Apróbase o ditame.

Preséntanse catro rogos.

---

## 3.2 ASISTENCIA AS SESIÓNS DE PLENO:

Os membros do Consello Escolar de Galicia tiveron as seguintes asistenciaes ás reunións do pleno:

Profesores do Ensino Público:	7 de 10 posibles
Profesores do Ensino Privado:	4 de 6 posibles
Pais e Nais de Alumnos:	7 de 10 posibles
Persoal de Administración e Servizos	1 de 2 posibles
Titulares de Centros Privados	4 de 4 posibles
Centrais Sindicais	5 de 8 posibles
Organizacións Empresariais	2 de 4 posibles
Profesores propostos polos MRPs	4 de 6 posibles
Administración Educativa	12 de 12 posibles
Administración Local	4 de 16 posibles
Universidade	1 de 4 posibles
Personalidades de Recoñecido Prestixio:	4 de 4 posibles
Seminario de Estudos Galegos	1 de 1 posibles
Consello da Xuventude de Galicia	0 de 1 posibles
Secretaría Xeral de Igualdade	1 de 1 posible
Secretario	2 de 2 posibles

Estas asistenciaes supoñen a seguinte porcentaxe para cada colectivo que se indica:

Profesores do Ensino Público:	70,00%
Profesores do Ensino Privado:	66,66%
Pais e Nais de Alumnos:	70,00%
Persoal de Administración e Servizos	50,00%
Titulares de Centros Privados	100,00%
Centrais Sindicais	62,50%
Organizacións Empresariais	50,00%
Profesores propostos polos MRPs	66,66%
Administración Educativa	100,00%
Administración Local	25,00%
Universidade	25,00%
Personalidades de Recoñecido Prestixio:	100,00%
Seminario de Estudos Galegos	100,00%
Consello da Xuventude de Galicia	00,00%
Secretaría Xeral de Igualdade	100,00%
Secretario	100,00%

O conxunto dos membros do Consello tivo un total de 59 asistenciaes das 91 posibles o que representa un 64,83 % de asistencia ás sesións convocadas.

---

### 3.3 COMISIÓNS PERMANENTES

A Comisión Permanente do Consello Escolar de Galicia reuniuse durante o curso 2015-2016 en sete ocasións nas seguintes datas:

#### REUNIÓNS DA COMISIÓN PERMANENTE

22 de setembro de 2015

15 de decembro de 2015

26 de xaneiro de 2016

1 de marzo de 2016

15 de marzo de 2016

18 de maio de 2016

16 de xuño de 2016

1	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	22 de setembro de 2015	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18	Asistentes	4 de 7 (57,14%)

#### ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Estudo e aprobación da Memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia. Curso 2014-2015.
- 4.- Rogos e preguntas.

#### TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa de que aínda que dende o día 1 de setembro está xubilado seguirá de momento no Consello Escolar como vicepresidente.

Dá conta dos novos nomeamentos de presidentes de consellos escolares autonómicos.

Establécese o día da semana máis adecuado para realizar as reunións da Comisión.

En relación coa Memoria explica que se enviou o texto en formato dixital para que todos os membros da comisión a tiveran para a reunión de hoxe. A intención é levala ao seguinte pleno no que se van tratar 18 decretos de títulos de FP, que está previsto para o día 6 de outubro de 2015. Corríxense tres erros detectados e apróbbase para elevala ao pleno.

Non hai rogos nin preguntas.

2	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	15 de decembro de 2015	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 14 a 17 horas	Asistentes	7 de 7 (100%)

#### ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- XXIV Encontros de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado.
- 4.- Rogos e preguntas.

#### TEMAS TRATADOS

Non hai observacións. Acórdase aprobar a acta por unanimidade.

O vicepresidente dá conta do traslado da sede do Consello Escolar de Galicia debido a necesidades de espazo para a ubicación dos diferentes servizos da Consellería.

Os fondos bibliográficos da biblioteca do Consello están depositados nun arquivo compacto que ten a Secretaría Xeral de Política Lingüística no edificio da rúa Pastoriza. Actualmente están en caixas pero xa se fixeron xestión para que no futuro vaian para a biblioteca da Cidade da Cultura. Non obstante os libros máis importantes do Consello leváronse para as novas dependencias, ao igual que a documentación administrativa.

En relación co punto terceiro da orde do día, o vicepresidente comenta que na derradeira reunión da XPA acordouse que o vindeiro Encontro de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado celebraríase en Andalucía no primeiro trimerstre do curso 2016-2017 sendo a temática elixida o Pacto de Estado pola Educación. Tamén acordouse celebrar una nova reunión no mes de xaneiro para debater en profundidade que aspecto ou aspectos do pacto convén tratar: o cómo, o porque ou o que do pacto.

Acórdase realizar unha nova reunión da Comisión Permanente no mes de xaneiro para falar do tema e facer unha proposta.

Tres vogais da Comisión Permanente expresan o seu malestar polo cambio da sede do Consello Escolar de Galicia.

Non se presentaron rogos nin preguntas

3	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	26 de xaneiro de 2016	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	De 17 a 18.25	Asistentes	6 de 7 (85'71%)

#### ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Reflexión sobre o papel e a metodoloxía a seguir en relación coa preparación do XXIV Encontro de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado.
- 4.- Rogos e preguntas.

#### TEMAS TRATADOS

Hai dúas observacións á acta da sesión anterior polo que, logo de corrixidas, apróbase por unanimidade.

O vicepresidente comunica que está tramitado o proxecto de decreto para a renovación por metades do Consello Escolar de Galicia e que será publicado en breve no DOG.

A continuación débátese sobre os diferentes enfoques que se podería dar á temática do Pacto de Estado para a Educación e o vicepresidente indica que levará esas reflexións á reunión da Xunta de Participación Autonómica e que, unha vez que transcorra a reunión, traerá a esta Comisión as propostas que se aproben sobre o procedemento a seguir para a preparación do Encontro.

Presentáronse dúas preguntas.

4	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	1 de marzo de 2016	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 19	Asistentes	7 de 7 (100%)

#### ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Ditame sobre os proxectos de decreto.
  - Proxecto do Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Ortopróteses e Produtos de Apoio.
  - Proxecto do Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Emerxencias e Protección Civil.
  - Proxecto de Decreto polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Dirección, e Produción e xestión, e se amplían os anexos do plan de estudos correspondente á especialidade de Interpretación, establecidos no Decreto 163/2015, do 29 de outubro.
- 4.- Rogos e preguntas.

#### TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O vicepresidente informa sobre a renovación por metades do Consello Escolar de Galicia publicada no DOG do 3 de febreiro pasado.

Cesan no Consello 23 persoas. Once delas foron reelixidas polo que continúan realizando a súa labor neste Consello. De xeito definitivo cesan 12 persoas. Esas 12 prazas son cubertas con 10 novos nomeamentos e hai 2 prazas que non son renovadas: a do representante do Seminario de Estudos Galegos e a do Consello da Xuventude de Galicia. Incrementábase unha praza, a da representante da Secretaría Xeral de Igualdade.

A continuación informa sobre a reunión da Xunta de Participación Autonómica do 29 de xaneiro de 2016. Explica que o Presidente do Consello Escolar do Estado presentou a posibilidade de reflexionar sobre a procedencia do tema proposto dado que a Comisión Permanente dese órgano entendía que o tema non debía sobrepasar o marco normativo da Xunta de Participación Autonómica, é dicir, que debía quedar circunscrito ás súas competencias como órgano de representación territorial. Debátese amplamente o tema e remata o debate comprometéndose o presidente do Consello Escolar do Estado a presentar ante a Comisión Permanente a invitación de que participen nunha comisión mixta Comisión Permanente-Xunta de Participación Autonómica para impulsar o estudo sobre o pacto de

---

Estado pola educación, tema do vindeiro encontro de Consellos escolares autonómicos e do estado.

No referente ao asunto que figura no punto terceiro da orde do día cabe sinalar que foron analizados conxuntamente os dous primeiros proxectos de decreto para os que se presentaron 19 emendas.

A comisión permanente elaborou un ditame provisorio con tres puntos que foi aprobado para a consideración do pleno.

En relación co terceiro proxecto de decreto presentáronse 31 emendas, unha delas á totalidade.

A comisión permanente aproba un ditame provisorio no que acorda non propoñer modificacións ao proxecto de decreto presentado e elevalo ao pleno para a súa consideración.

Non se presentaron rogos nin preguntas.



5	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	15 de marzo de 2016	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 16,15 a 16,25	Asistentes	6 de 7 (85,71%)

#### ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Emendas ao ditame sobre os proxectos de decreto polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Dirección, e Produción e xestión, e se amplían os anexos do plan de estudos correspondente á especialidade de Interpretación, establecidos no Decreto 163/2015, do 29 de outubro.
- 3.- Rogos e preguntas.

#### TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

No referente ao punto segundo da orde do día o Sr. Vicepresidente informa que ANPAS GALEGAS presenta emendas ao ditame. A primeira emenda é unha emenda á totalidade do ditame. Pide que no caso de non admitila, a emenda á totalidade que presentou ao proxecto de decreto se converta en emenda de recomendación. Logo pide tamén que as dúas emendas que presentou ao proxecto de decreto se inclúan no ditame provisorio.

Logo de debate a Comisión Permanente acorda non aceptar a emenda á totalidade e as dúas emendas de adición presentadas por ANPAS GALEGAS e si aceptar converter a emenda á totalidade nunha recomendación tal e como solicita o emendante.

A sesión plenaria que terá lugar a continuación xa contará coa transformación da emenda á totalidade en recomendación.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

6	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	10 de febreiro de 2015	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18	Asistentes	5 de 7 (71,42%)

#### ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Estudo das propostas de mellora presentadas ao Informe “As bibliotecas escolares de Galicia – Curso 2014-2015”
- 4.- Rogos e preguntas.

#### TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa que o pasado día 6 saíu publicado no BOE o cese a petición propia do presidente do Consello Escolar do Estado. Tamén cesou a vicepresidenta.

Informa que durante o mes de marzo recibíronse na secretaria do Consello peticións de CCOO, CIG e UGT no senso de que se crease unha comisión de persoas expertas para estudar a adscrición das ensinanzas artísticas de grao superior na Universidade. Dende o Consello contestóuselles aos tres sindicatos dicíndolles que non encaixaban en ningún dos apartados do artigo 15 do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regula o Consello Escolar de Galicia e que o tema versa sobre aspectos que corresponden ao ámbito universitario, polo que, segundo o artigo 58º.1 do regulamento de réxime interno, aprobado polo Decreto 87/1992, do 26 de marzo, a cuestión solicitada non é competencia do Consello Escolar. Despois da denegación e no caso de non estar de acordo coa contestación, dáselles a posibilidade de manifestalo á comisión permanente, tal e como dispón o artigo 58º.2 do referido regulamento.

Entrega aos vogais copia da documentación existente.

No referente ao punto terceiro da orde do día estúdanse as aportacións realizadas polos membros da comisión e ao final apróbase un documento que contén 18 propostas de mellora.

Estas propostas xunto co informe enviaranse a todos os membros do pleno para que fagan as observacións e propostas que estimen convenientes.

Preséntase unha pregunta.

7	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	16 de xuño de 2016	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18,12	Asistentes	6 de 7 (85,71%)

#### ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Intervención dos representantes de CCOO, CIG e UGT que presentarán as súas alegacións en relación coa decisión adoptada de denegar as súas propostas de constituír unha comisión sobre a adscrición das Ensinanzas Artísticas Superiores á Universidade.
- 3.- Expresión do parecer dos diferentes membros da Comisión Permanente sobre as alegacións presentadas polos ditos representantes.
- 4.- Rogos e preguntas.

#### TEMAS TRATADOS

Preséntase unha observación á acta que, logo de corrixida, é aprobada por unanimidade.

En relación co punto segundo da orde do día o Sr. Vicepresidente explica como se vai a desenvolver a sesión. Di cales foron as dúas razóns polas que non se aceptaron as solicitudes de constitución dunha comisión de expertos para estudar a adscrición das ensinanzas artísticas á universidade. Unha delas, que non encaixaban en ningún dos apartados do artigo 15 do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regula o Consello Escolar de Galicia e, outra, que o tema versa sobre aspectos que corresponden ao ámbito universitario, polo que, segundo o artigo 58º.1 do regulamento de réxime interno, aprobado polo Decreto 87/1992, do 26 de marzo, a cuestión solicitada non é competencia do Consello Escolar.

Di que o procedemento a seguir é escoitar os argumentos de cada un dos sindicatos que solicitaron a constitución da comisión en relación aos dous motivos citados. Que os irá citando un tras outro pola mesma orde de presentación da solicitude na secretaría do Consello. Que non haberá límite de tempo na exposición e que non haberá réplica. Comenta que poderán facerse preguntas para aclarar aspectos da súa intervención.

Interveñen os representantes sindicais, primeiro a de CCOO, logo o da CIG e finalmente o de FETE-UGT que espuxeron os argumentos que lles pareceu oportuno na defensa das súas posicións.

A continuación, e dacordo co punto terceiro da orde do día, os membros da comisión permanente espuxeron as súas razóns favorables ou contrarias á postura da presidencia de entender que a cuestión solicitada non é de competencia do Consello Escolar de Galicia.

Finalmente o sr. Vicepresidente comenta que xa escoitou os intervintes e que escoitou as propostas dos membros da Comisión Permanente. Di que estudará coidadosamente todas os argumentos e logo resolverá.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

---

### **3.4 ASISTENCIA ÁS SESIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE**

Os 7 dos membros da comisión permanente do consello tiveron un total de 41 asistencias das 49 posibles o que representa unha asistencia do 83,67% nas sesións convocadas.

---

### **3.5 APROBACIÓN DA MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA DO CURSO 2014-2015.**

A Memoria de Actividades do Consello Escolar de Galicia correspondente ao curso 2014-2015 foi aprobada con data 6 de outubro de 2015.

---

# Competencias do Consello Escolar e do seu presidente

---

4

---

## COMPETENCIAS DO CONSELLO ESCOLAR E DO SEU PRESIDENTE

O artigo 9 da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia, establece cales son as funcións do Consello Escolar de Galicia:

1. O Consello Escolar de Galicia será consultado preceptivamente, dentro do ámbito das súas competencias, sobre as seguintes cuestións:

- a) Anteproxectos de lei e proxectos de disposicións xerais de ámbito educativo que haxan de ser sometidos á aprobación do Consello da Xunta de Galicia.
- b) Programación xeral do ensino, especialmente nos aspectos relativos á creación e distribución territorial dos centros docentes dos niveis educativos non universitarios.
- c) Creación de centros docentes de carácter experimental de réxime especial.
- d) Normas xerais verbo das construcións e equipamentos escolares.
- e) Plan de renovación educativa ou aqueloutros de innovacións.
- f) Orientación e programas educativos.
- g) Disposición e actuacións xerais encamiñadas a mellorar a calidade do ensino e a súa adecuación á realidade social e cultural galega, así como aquelas accións destinadas a compensar as desigualdades e as eivas sociais, territoriais ou individuais da poboación que hai que escolarizar.
- h) Criterios xerais para financiamento dos centros públicos e para a concertación dos privados, dentro do marco competencial xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- i) Bases xerais que inspiren a política de bolsas e axudas ao estudo de conformidade coas competencias da Comunidade Autónoma.
- k) Convenios entre Administracións Públicas.

2. O Consello Escolar de Galicia poderá formularlle á Consellería de Educación propostas sobre os asuntos relacionados nos apartados anteriores deste artigo, ou sobre calquera outro concernente á mellora da calidade do ensino.

3. A Consellería de Educación poderá someter á consideración do Consello cantas cuestións estime pertinentes aínda que non figuren no apartado 1 do presente artigo.

O artigo 3º.a do Regulamento de Réxime Interno aprobado polo Decreto 87/1992, de 26 de marzo establece que corresponde á Presidencia do Consello representar ao Consello e dirixir a súa actividade.

---

De acordo co establecido nos puntos 1 e 3 do anterior artigo 9, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria remitiu ao Consello Escolar de Galicia para o seu ditame 21 proxectos de decreto durante o curso 2015-2016.

Estes proxectos de decreto son os seguintes:

- 1º.- Proxecto do Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Actividades Comerciais.
- 2º.- Proxecto do Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Impresión Gráfica.
- 3º.- Proxecto do Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Operacións de Laboratorio.
- 4º.- Proxecto do Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Asesoría de Imaxe Persoal e Corporativa.
- 5º.- Proxecto do Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Integración Social.
- 6º.- Proxecto do Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Xestión de Vendas e Espazos Comerciais.
- 7º.- Proxecto de Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Radioterapia e Dosimetría.
- 8º.- Proxecto de Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Mediación Comunicativa.
- 9º.- Proxecto de Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Laboratorio Clínico e Biomédico.
- 10º.- Proxecto de Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Diagnóstico e Medicina Nuclear.
- 11º.- Proxecto de Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Hixiene Bucodental.
- 12º.- Proxecto de Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Gandarías e Asistencia en Sanidade Animal.
- 13º.- Proxecto de Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Fabricación de Produtos Farmacéuticos, Biotecnolóxicos e Afíns.
- 14º.- Proxecto de Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Documentación e Administración Sanitarias.
- 15º.- Proxecto de Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Deseño e Xestión de Produción Gráfica.
- 16º.- Proxecto de Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Deseño e Edición de Publicacións Impresas e Multimedia.
- 17º.- Proxecto de Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior



---

correspondente ao título de técnico superior en Caracterización e Maquillaxe Profesional.

18º.- Proxecto de Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico.

19.- Proxecto do Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Ortoprésese e Produtos de Apoio.

20.-Proxecto do Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Emerxencias e Protección Civil.

21.- Proxecto de decreto polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Dirección, e Producción e xestión, e se amplían os anexos do plan de estudos correspondente á especialidade de Interpretación, establecidos no Decreto 163/2015, do 29 de outubro.

---

# Ditames elaborados

---

5

---

## DITAMES ELABORADOS NO CURSO 2015-2016

Foron realizados catro ditames, tres de forma conxunta e un de xeito individual.

De forma conxunta foron avaliados seis proxectos nun ditame, doce noutro e dous noutro, correspondentes aos numerados do 1º ao 6º no primeiro ditame, do 7º ao 18º no segundo ditame e o 19º e o 20 no terceiro ditame.

---

DITAME SOBRE OS PROXECTOS DE DECRETO POLOS QUE SE ESTABLECEN OS CURRÍCULOS DOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E SUPERIOR CORRESPONDENTES AOS TÍTULOS DE:

- Técnico de técnico en Actividades Comerciais.
- Técnico de título de técnico en Impresión Gráfica.
- Técnico de técnico en Operacións de Laboratorio.
- Técnico de técnico superior en Asesoría de Imaxe Persoal e Corporativa.
- Técnico de técnico superior en Integración Social.
- Técnico de técnico superior en Xestión de Vendas e Espazos Comerciais.

---

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 6 de outubro de 2015, emite o seguinte ditame en relación cos proxectos de decreto polos que se establecen os currículos dos ciclos formativos de grao medio e superior de seis novos títulos de técnico e técnico superior de formación profesional.

1. O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que desdobre os grupos de formación profesional que superen os 20 alumnos e alumnas, sobre todo naqueles que resulten perigosos para o alumnado e profesorado, no tocante a manexo de produtos ou aparellos de risco. Nesta rateo debe contar o alumnado repetidor.
2. Así mesmo, recoméndalle que se adopten as medidas adecuadas para adaptar os centros e equipamentos á posta en marcha dos títulos de formación profesional que emanan da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
3. Para todos os decretos proponse a inclusión dunha disposición transitoria segunda co seguinte texto: **“A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria contemplará medidas de apoio ao profesorado, especialmente na formación permanente e na investigación e innovación nesta etapa educativa, para contribuír ao mellor desenvolvemento e aplicación destes novos currículos”**.
4. Para o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de Técnico en Actividades Comerciais. Proponse o texto de adición: **“Sensibilizar coa prevención da violencia de xénero”**, a continuación do obxectivo xeral recollido no apartado z) do artigo 9, que di: “Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes”.
5. Para o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de Técnico en Impresión Gráfica. Proponse o texto de adición: **“Sensibilizar coa prevención da**

---

**violencia de xénero**", a continuación do obxectivo xeral recollido no apartado v) do artigo 9, que di: "Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes".

6. Para o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de Técnico en Operacións de Laboratorio. Proponse o texto de adición: "**Sensibilizar coa prevención da violencia de xénero**", a continuación do obxectivo xeral recollido no apartado w) do artigo 9, que di: "Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes".
7. Para o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de Técnico Superior en Asesoría de Imaxe Persoal e Corporativa. Proponse o texto de adición: "**Sensibilizar coa prevención da violencia de xénero**", a continuación do obxectivo xeral recollido no apartado aa) do artigo 9, que di: "Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes".
8. Para o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de Técnico Superior en Xestión de Ventas e Espazos Comerciais. Proponse o texto de adición: "**Sensibilizar coa prevención da violencia de xénero**", a continuación do obxectivo xeral recollido no apartado y) do artigo 9, que di: "Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes".

---

DITAME SOBRE OS PROXECTOS DE DECRETO POLOS QUE SE ESTABLECEN OS CURRÍCULOS DOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR CORRESPONDENTES AOS TÍTULOS DE:

- Técnico superior en Radioterapia e Dosimetría.
- Técnico superior en Mediación Comunicativa.
- Técnico superior en Laboratorio Clínico e Biomédico.
- Técnico superior en Diagnóstico e Medicina Nuclear.
- Técnico superior en Hixiene Bucodental.
- Técnico superior en Gandaría e Asistencia en Sanidade Animal.
- Técnico superior en Fabricación de Produtos Farmacéuticos, Biotecnolóxicos e Afíns.
- Técnico superior en Documentación e Administración Sanitarias.
- Técnico superior en Deseño e Xestión de Producción Gráfica.
- Técnico superior en Deseño e Edición de Publicacións Impresas e Multimedia.
- Técnico superior en Caracterización e Maquillaxe Profesional.
- Técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico.

---

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 6 de outubro de 2015, emite o seguinte ditame en relación cos proxectos de decreto polos que se establecen os currículos dos ciclos formativos de grao superior de doce novos títulos de técnico e técnico superior de formación profesional.

1. O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que desdobre os grupos de formación profesional que superen os 20 alumnos e alumnas, sobre todo naqueles que resulten perigosos para o alumnado e profesorado, no tocante a manexo de produtos ou aparellos de risco. Nesta rateo debe contar o alumnado repetidor.

---

2. Así mesmo, recoméndalle que se adopten as medidas adecuadas para adaptar os centros e equipamentos á posta en marcha dos títulos de formación profesional que emanan da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

3. Para todos os proxectos de currículos propónse a inclusión dun novo obxectivo xeral no artigo 9, co seguinte texto: **“Sensibilizar coa prevención da violencia de xénero”**.

4. Para todos os decretos propónse a inclusión dunha disposición transitoria segunda co seguinte texto: **“A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria contemplará medidas de apoio ao profesorado, especialmente na formación permanente e na investigación e innovación nesta etapa educativa, para contribuír ao mellor desenvolvemento e aplicación destes novos currículos”**.

---

DITAME SOBRE OS PROXECTOS DE DECRETO POLOS QUE SE ESTABLECEN OS CURRÍCULOS DOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR E MEDIO CORRESPONDENTES AOS TÍTULOS DE:

- Título de técnico superior en Ortopróteses e Produtos de Apoio.
- Título de técnico en Emerxencias e Protección Civil.

---

O día 15 de marzo de 2016 reuniuse o Pleno do Consello Escolar de Galicia para debater as emendas aos proxectos de decreto polos que se establecen os currículos dos ciclos formativos de grao medio e superior de dous novos títulos de técnico e técnico superior de formación profesional.

Na sesión sometéronse á votación as emendas presentadas polas organizacións sindicais UGT, CIG, CCOO e CSI-F. Das 19 emendas presentadas aceptáronse 3 emendas no ditame provisorio elaborado pola Comisión Permanente e na sesión do pleno foi aceptada unha emenda de recomendación.

Ao final da votación das emendas, tal e como é perceptivo, someteuse a votación o ditame, resultando a votación como segue: votos a favor, 6; votos en contra, 7; abstencións, 19.

Como resultado final o Consello Escolar de Galicia **acorda non aprobar ningún ditame** sobre os proxectos de decreto polos que se establecen os currículos de dous títulos, título de técnico superior en Ortopróteses e Produtos de Apoio e título de técnico en Emerxencias e Protección Civil.

En consecuencia, non se propón ningunha modificación en relación cos referidos proxectos de decreto.

Realizouse un ditame individual para o 21º proxecto de decreto.

---

DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE O PLAN DE ESTUDOS DAS ENSEÑANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE MÚSICA, NAS ESPECIALIDADES DE DIRECCIÓN, E PRODUCCIÓN E XESTIÓN, E SE AMPLIAN OS ANEXOS DO PLAN DE ESTUDOS CORRESPONDENTES Á ESPECIALIDADE DE INTERPRETACIÓN, ESTABLECIDOS NO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO.

---

---

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 15 de marzo de 2016, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de Decreto polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Dirección, e Producción e xestión, e se amplían os anexos do plan de estudos correspondente á especialidade de Interpretación, establecidos no Decreto 163/2015, do 29 de outubro.

1.- O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que realice todas as actuacións necesarias para a plena integración das Ensinanzas Artísticas Superiores (EEAASS) no sistema universitario galego.

2.- Na disposición adicional quinta, propónse a inclusión do texto en negriña: “Atendendo ás directrices do proceso de converxencia das ensinanzas artísticas superiores no Espazo Europeo de Educación Superior, a consellería competente en materia de educación procederá á ordenación dos recursos humanos e materiais, de xeito que se garanta o mellor uso destes recursos, con criterios de **calidade**, racionalidade e eficiencia”. *Páxina 12, liña 15.*

3.- No anexo II, Competencia transversal T12, propónse a supresión da expresión: “**en condicións de competitividade**”. *Páxina 22, liña 13.*

4.- No anexo II, Competencias xerais, propónse a inclusión dunha nova competencia xeral co seguinte texto: “**X15 Coñecer a evolución histórica da música propia de Galicia, canto ao seu repertorio, aos seus instrumentos e ás figuras máis representativas da historia da música galega**”. Como consecuencia desta inclusión deberase cambiar a numeración das seguintes competencias. *Páxina 24, liña 20.*

5.- Nese mesmo apartado de Competencias xerais, propónse a inclusión dun novo punto, co seguinte texto: “**X29. Coñecer a historia da música galega e o seu repertorio**”. *Páxina 26, liña 11.*

6.- No anexo II, Competencias específicas, propónse a inclusión dun novo punto, co seguinte texto: “**ED13. Coñecer o feito musical galego e o seu repertorio**”. *Páxina 27, liña 19.*

7.- No anexo II, Criterios de avaliación comúns, apartado 1, propónse a supresión da expresión “**a condicións de competitividade,**”. *Páxina 32, liña 3.*

---

## Participación en actos, congresos e reuniones

---

6

---

## REPRESENTACIÓN NOS SEGUENTES EVENTOS:

De acordo co establecido no artigo 3º.a do Regulamento de Réxime Interno o vicepresidente do Consello Escolar de Galicia representou a este Consello asistindo e participando nos actos e reunións que a continuación se sinalan:

- Pleno do Consello Escolar do Estado. Madrid, día 24 de setembro de 2015.
- XXVI Edición premios Gallegos del Año, Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2015.
- Xunta de participación dos Consellos Escolares Autonómicos, Madrid, 27 de novembro de 2015.
- Invitación Fórum Europa. A Coruña, 9 de decembro de 2015.
- Invitación Fórum Europa. Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2015.
- Entrega de premios á Transferencia de Tecnoloxía en Galicia 2015. Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2016.
- Xunta de participación dos Consellos Escolares Autonómicos, Madrid 29 de xaneiro de 2016.
- Acto de inauguración do Congreso Innova FP Galicia. Santiago de Compostela, día 24 de febreiro de 2016.
- Invitación Fundación Santillana“ Semana de la Educación”, Madrid, días 8, 9 y 10 de marzo de 2016.
- Reunión do Consello para a Convivencia, Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2016.
- Foro de Medio Ambiente dedicado a “Agua y desarrollo sostenible”, Grupo Correo Gallego, Santiago de Compostela, día 2 de xuño de 2016.
- Presentación do libro “A Investigación Educativa en Galicia 2002-2014. Santiago de Compostela, día 15 de xuño de 2016.
- Acto de entrega da biblioteca e arquivo da poeta Luz Pozo Garza á Biblioteca de Galicia. Santiago de Compostela 27 de xullo de 2016.



---

# Resumo económico

---

7

## RESUMO ECONÓMICO

<b>Gastos facturados pola Oficina Técnica</b>	<b>Importe ano 2015</b>
Mantemento xeral	2.993,52
Vixilancia e seguridade	7.881,93
Electricidade	831,53
Gasóleo	1.846,09
Limpeza	8.173,79
Auga	222,77
<i>Suma Parcial</i>	<b>21.949,63</b>

<b>Reunións Comisións</b>	
Comisións permanentes e outras Comisións	4.461,37
Plenos	7.468,84
<i>Suma Parcial</i>	<b>11.930,21</b>

<b>Informes e Estudos</b>	
Contratación do Informe sobre Bibliotecas Escolares	27.734,41
Publicación informe	0,00
<i>Suma Parcial</i>	<b>27.734,41</b>

<b>Gastos Xornadas Consellos Escolares</b>	
Xornadas Anuais de Consellos Escolares de C.A. - Estado	2.585,96
Xornadas organizadas polo Consello	0,00
<i>Suma Parcial</i>	<b>2.585,96</b>

<b>Retribución dietas</b>	
Dietas	3.276,49
<i>Suma Parcial</i>	<b>3.276,49</b>

<b>Outros gastos</b>	
Fotocopiadora e fax	1.144,36
Augas e coffe breack	0,00
Material de oficina	408,57
Subscripción revistas	0,00
Correos	0,00
Teléfono	0,00
Outros	266,20
<i>Suma Parcial</i>	<b>2.047,60</b>

<b>Suma total .....</b>	<b>69.295,83</b>
-------------------------	------------------

